

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

20050 *Lei 41/2010, do 29 de decembro, de protección do medio mariño.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenden que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

A Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño de 2008, pola que se establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño (Directiva marco sobre a estratexia mariña) introduce a obriga de lograr un bo estado ambiental das augas mariñas europeas mediante a elaboración de estratexias mariñas co obxectivo final de manter a biodiversidade e preservar a diversidade e o dinamismo duns océanos e mares que sexan limpos, sans e produtivos, cuxo aproveitamento sexa sustentable. Ben que existe no acervo lexislativo español un certo número de disposicións, en xeral de carácter sectorial e frecuentemente derivadas dos convenios internacionais de protección do medio mariño, ata o momento carecíase dun marco normativo completo, que puidese garantir a articulación das actividades humanas no mar de maneira que non se comprometese a conservación das características naturais dos ecosistemas mariños, de acordo co enfoque ecosistémico. Esta lei, que incorpora ao dereito español a Directiva 2008/56/CE, ademais engloba a regulación doutros aspectos da protección do medio mariño que ata agora non se abordaran na lexislación estatal. Deste xeito, a Lei de protección do medio mariño constitúese como o marco xeral para a planificación do medio mariño, co obxectivo de lograr o seu bo estado ambiental.

A Directiva marco sobre a estratexia mariña establece que as súas regulacións se aplicarán ás augas, o leito mariño e o subsolo situados máis alá da liña de base que serve para medir a largura das augas territoriais e que se estenden ata o límite exterior da zona en que un Estado membro da Unión Europea exerce soberanía ou xurisdición de conformidade coa Convención das Nacións Unidas sobre Dereito do Mar.

A Comisión Europea aclarou, no ámbito dos grupos de traballo de aplicación da Directiva marco sobre a estratexia mariña, que se entenden incluídos nestas augas tanto o mar territorial como a zona económica exclusiva e a plataforma continental, así como calquera outra zona mariña en que os Estados exerzan xurisdición parcial, como as zonas de protección ecolóxica ou pesqueira.

Ademais, a Directiva marco sobre a estratexia mariña establece que as augas costeiras conforme a definición da Directiva 2000/60/CE (Directiva marco da auga), o seu leito mariño e o seu subsolo, se incorporarán nas estratexias na medida en que diversos aspectos do estado ambiental do medio mariño non fosen aínda abordados directamente na citada directiva nin noutra lexislación comunitaria. Por tanto, a Lei de protección do medio mariño só se aplicará nas augas costeiras, incluído o dominio público portuario, se a regulación derivada da Directiva marco da auga non é suficiente para garantir o bo estado ambiental desta parte do medio mariño.

En España diversas normas regulan a xurisdición nos espazos mariños. A Lei 10/1977, do 4 de xaneiro, sobre mar territorial, establece que o Estado español ten soberanía sobre o mar territorial adxacente ás súas costas, que inclúe a columna de auga, o leito, o subsolo e os recursos dese mar, así como o espazo aéreo supraxacente. O mar territorial esténdese desde a liña de baixamar escorada e, de ser o caso, desde as liñas de base rectas que sexan establecidas polo Goberno, ata unha distancia de doce millas náuticas. Por outra

parte, a Lei 15/1978, do 20 de febreiro, sobre zona económica, establece que a zona económica exclusiva se estende desde o límite exterior do mar territorial español ata unha distancia de duascentas millas náuticas desde as liñas de base, e que o Estado español ten nesta zona dereitos soberanos para os efectos da exploración e explotación dos recursos naturais do leito e do subsolo mariños e das augas supraxacentes. A Lei 15/1978 establece a zona económica exclusiva só para o océano Atlántico (incluído o mar Cantábrico), pero non para o mar Mediterráneo. Porén, mediante o Real decreto 1315/1997, do 1 de agosto (modificado polo Real decreto 431/2000, do 31 de marzo), establécese unha zona de protección pesqueira no Mediterráneo, que se estende desde o límite do mar territorial ao sur de Punta Negra-Cabo de Gata, continuando ao leste ata a liña equidistante cos países ribeiríos, ata a fronteira marítima con Francia.

Mediante o artigo 129 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, modificouse o texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, e incorporouse ao dereito español a Directiva 2000/60/CE, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas (Directiva marco da auga). Nesta norma inclúense medidas de protección das augas de transición e costeiras, que se estenden ata unha milla náutica cara a dentro do mar desde as liñas de base. Estas augas forman parte das demarcacións hidrográficas e por tanto inclúense no proceso de planificación hidrolóxica, que ten entre os seus obxectivos acadar un bo estado das augas.

Esta lei, por tanto, resultará de aplicación ao mar territorial, á zona económica exclusiva no Atlántico e Cantábrico, á zona de protección pesqueira do Mediterráneo e á plataforma continental, incluída a plataforma continental ampliada que España poida obter en aplicación do procedemento previsto no artigo 76 da Convención das Nacións Unidas sobre o Dereito do Mar. No caso das augas costeiras, dado que a aplicación da Directiva marco da auga en España xa prevé a garantía da consecución do bo estado, a Lei de protección do medio mariño só se aplicará nos aspectos da protección ou a planificación do medio mariño que non se recollen nos plans hidrolóxicos de bacía, por exemplo, no relativo á protección de especies ameazadas mariñas, o control das verteduras desde buques ou aeronaves, ou a declaración de áreas mariñas protexidas.

O artigo 132.2 da Constitución española establece que son bens de dominio público estatal a zona marítimo-terrestre, as praias, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental. Así, esta lei pretende culminar o mandato da Constitución, regulando aquelas porcións do dominio público marítimo-terrestre, configuradas como tal, baixo titularidade estatal no seu artigo 132.2, establecendo criterios para a utilización daquela, así como para a súa planificación e protección, tendo en consideración as diferentes características, especialmente oceanográficas, do ámbito atlántico respecto do mediterráneo.

Non existe un cálculo definitivo da superficie das augas xurisdicionais españolas, entre outras cuestións porque existen algúns espazos mariños que non foron obxecto de delimitación cos Estados veciños cuxas costas son adxacentes ás españolas ou están situadas fronte a elas. Non obstante, realizouse unha estimación da superficie do mar territorial, a zona económica exclusiva e zona de protección pesqueira do Mediterráneo que resulta en algo máis dun millón de quilómetros cadrados de augas mariñas.

O medio mariño é obxecto de numerosas actividades humanas, e está suxeito a importantes presións e impactos. A pesca, a navegación, as instalacións de produción enerxética, o turismo e a industria da biotecnoloxía son algúns dos sectores económicos que se levan a cabo ou afectan o medio mariño. As verteduras urbanas, industriais e froito da navegación, e a consecuente perda de calidade do medio mariño, a eliminación ou alteración de hábitats e poboacións de especies mariñas, a sobreexplotación de recursos mariños vivos, o ruído submarino, a presión urbanística, ou as alteracións derivadas do cambio climático, son algunhas das presións a que están suxeitos os nosos mares e océanos.

O obxectivo desta lei é lograr un bo estado ambiental do medio mariño, e a ferramenta para alcanzar esta meta é levar a cabo unha planificación coherente das actividades que

se practican nel. As estratexias mariñas constitúense como os instrumentos esenciais para esta planificación, e elaborárase unha estratexia para cada unha das demarcacións mariñas establecidas. As políticas sectoriais que se leven a cabo ou poidan afectar o medio mariño serán compatibles cos obxectivos das estratexias mariñas e adaptaranse a eles. Por iso todos os departamentos ministeriais, así como as comunidades autónomas con competencias sobre o medio mariño, participarán en todas as fases de elaboración e aplicación das estratexias mariñas.

As demarcacións mariñas, como subdivisión espacial española que se establece en aplicación do artigo 4 da Directiva marco sobre a estratexia mariña, delimitáronse tendo en conta as rexións e subrexións mariñas que esta establece, e obedecendo ás particularidades hidrolóxicas, oceanográficas e bioxeográficas de cada zona mariña española, para garantir unha planificación adecuada a cada unha destas subdivisións mariñas. Esta lei establece cinco demarcacións mariñas, para cada unha das cales se elaborará unha estratexia mariña. Non obstante, determínanse unha serie de criterios de planificación aplicables a todas as estratexias, e facúltase o Goberno para ditar directrices comúns sobre certos aspectos, para garantir a coherencia de todos os instrumentos de planificación do medio mariño en España.

As estratexias mariñas consisten na elaboración dunha serie de tarefas consecutivas, que se deben realizar para cada unha das demarcacións mariñas. A primeira é a avaliación inicial do estado do medio mariño, que inclúe as características naturais, as presións e impactos e unha análise económica e social da utilización do medio mariño e dos custos da súa deterioración. O anexo I inclúe unha lista indicativa das características, presións e impactos que se incluírán nesta avaliación. A segunda tarefa é a determinación do bo estado ambiental, que se debe basear nos once descritores que se inclúen no anexo II. A terceira é o establecemento dunha serie de obxectivos ambientais, tendo en conta a lista indicativa de características do anexo III, enfocados a lograr o bo estado ambiental que previamente se definiu. Simultaneamente, débense definir unha serie de indicadores para poder avaliar a consecución dos obxectivos ambientais. A cuarta tarefa é o establecemento dun programa de seguimento, de acordo coas orientacións do anexo IV. Por último, débese elaborar e aplicar un programa de medidas para lograr o bo estado ambiental. O anexo V inclúe unha lista non exhaustiva dos tipos de medidas que poderán constituír estes programas. Todos os elementos das estratexias mariñas deben ser actualizados, cando menos, cada seis anos. Ademais, esta lei prevé os necesarios mecanismos de cooperación e información ao público.

Esta lei, ademais de regular os principios e mecanismos xerais para a planificación do medio mariño, inclúe outras disposicións para a protección do medio mariño, en aplicación do disposto en diversos convenios internacionais dos que España é parte, reforzando a súa efectividade normativa a través da lexislación nacional específica.

No marco do Convenio sobre a Diversidade Biolóxica, os Estados teñen a obriga de crear redes coherentes de áreas protexidas, tanto terrestres como mariñas. A Lei 42/2007, de 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, crea a figura de área mariña protexida como unha das categorías de espazos naturais protexidos e determina que estas se integrarán na Rede de Áreas Mariñas Protexidas. Ata agora, esta rede non fora regulada. A presente lei crea formalmente a Rede de Áreas Mariñas Protexidas e establece cales son os seus obxectivos, os espazos naturais que a conforman e os mecanismos para a súa designación e xestión.

Na Rede de Áreas Mariñas Protexidas poderanse integrar, ademais de espazos protexidos de competencia estatal, espazos cuxa declaración e xestión sexa competencia autonómica no suposto establecido no artigo 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e zonas protexidas ao abeiro de lexislación autonómica pesqueira, por proposta da comunidade autónoma afectada e sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección do medio ambiente no seu territorio.

Tendo en conta a posible inclusión na Rede de Áreas Mariñas Protexidas de espazos cuxa declaración e xestión corresponde ás administracións autonómicas, a lei prevé para

estes casos que as comunidades autónomas litorais competentes na declaración e xestión de áreas mariñas protexidas, en colaboración coa Administración xeral do Estado, elaboren a proposta de criterios mínimos comúns para unha xestión coordinada e coherente da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España, que aprobará a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Tamén poden formar parte da Rede outras áreas mariñas protexidas existentes no ordenamento español a partir da mera ratificación e publicación de tratados internacionais ou a asunción de compromisos internacionais como poden ser as reservas da biosfera, os lugares patrimonio mundial da UNESCO, os humidaís Ramsar, as zonas especialmente protexidas de importancia para o Mediterráneo establecidas no Convenio de Barcelona e as áreas mariñas protexidas do Convenio OSPAR, entre outros.

Por último, establécense normas respecto ás verteduras desde buques e aeronaves ao mar, á incineración no mar e á colocación de materias sobre o fondo mariño, de acordo co Convenio de Barcelona para a protección do medio mariño e a rexión costeira do Mediterráneo, o Convenio OSPAR sobre a protección do medio ambiente mariño do Atlántico nordeste, e o Convenio de Londres (Convenio sobre a prevención da contaminación do mar por vertedura de refugallo e outras materias) e o seu protocolo.

Esta lei vén, por tanto, dotar o medio mariño dun marco regulador coherente que garanta o seu bo estado ambiental. Non obstante, xa existe en España lexislación específica de aplicación no mar, que esta lei non pretende modificar nin derrogar. Trátase, por exemplo, da lexislación referente á navegación, aos portos, á pesca marítima, ao sector de hidrocarburos, á loita contra a contaminación no mar, á protección de especies e hábitats, entre outras. De feito, as estratexias mariñas que se aproben ao abeiro desta lei reforzarán a aplicación da lexislación sectorial aplicable ao medio mariño, para garantir a súa articulación coherente e coordinada, de maneira que as actividades humanas no mar non comprometan o bo estado ambiental.

A lei garante a participación das comunidades autónomas na elaboración das estratexias mariñas, na medida en que afecte as súas competencias, así como no seguimento da súa aplicación, a través da creación dos comités de seguimento das estratexias mariñas para cada unha das demarcacións mariñas, que estarán integrados por representantes das administracións estatal e autonómica con competencias na execución da estratexia correspondente. Así mesmo, perfila os mecanismos de coordinación e cooperación necesarios para alcanzar os obxectivos de protección do medio mariño nun marco de pleno respecto ás competencias atribuídas ás comunidades autónomas.

TÍTULO I

Disposicións xerais

Artigo 1. *Obxecto.*

1. Esta lei establece o réxime xurídico que rexe a adopción das medidas necesarias para lograr ou manter o bo estado ambiental do medio mariño, a través da súa planificación, conservación, protección e mellora.

2. Na súa calidade de ben de dominio público, asegurárase un uso sustentable dos recursos do medio mariño que teña en consideración o interese xeral.

3. Os instrumentos esenciais de planificación do medio mariño son as estratexias mariñas, definidas no título II desta lei, as cales perseguirán como obxectivos específicos os seguintes:

a) Protexer e preservar o medio mariño, incluíndo a súa biodiversidade, evitar a súa deterioración e recuperar os ecosistemas mariños nas zonas en que se visen afectados negativamente;

b) Previr e reducir as verteduras ao medio mariño, de cara a eliminar progresivamente a contaminación do medio mariño, para velar por que non se produzan impactos ou riscos

graves para a biodiversidade mariña, os ecosistemas mariños, a saúde humana ou os usos permitidos do mar.

c) Garantir que as actividades e usos no medio mariño sexan compatibles coa preservación da súa biodiversidade.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

1. En virtude do disposto no artigo 132.2 da Constitución, son bens de dominio público estatal, entre outros, o mar territorial e os recursos naturais da zona económica e a plataforma continental.

2. Esta lei será de aplicación a todas as augas mariñas, incluídos o leito, o subsolo e os recursos naturais, sometidas a soberanía ou xurisdición española.

3. Non obstante o disposto no número anterior, o título II non será de aplicación ás augas costeiras definidas no artigo 16 bis do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, en relación con aqueles aspectos do estado ambiental do medio mariño que xa estean regulados no citado texto refundido ou nos seus desenvolvementos regulamentarios, debéndose cumprir, en todo caso, os obxectivos ambientais establecidos en virtude desta lei e nas estratexias mariñas que se aproben en aplicación dela.

4. Esta lei non se aplicará ás actividades cuxo único propósito sexa a defensa ou a seguridade nacional. O Consello de Ministros, mediante acordo e co ditame previo do Consello de Estado, determinará as actividades cuxo único propósito sexa a defensa ou a seguridade nacional e que comporten a non aplicación das estratexias mariñas. Non obstante, o Estado esforzarse por garantir que tales actividades se leven a cabo, na medida en que isto sexa razoable e factible, dun modo compatible cos obxectivos da presente lei.

Artigo 3. *Natureza e réxime do medio mariño.*

1. A utilización das augas mariñas, incluídos o leito, o subsolo e os recursos naturais, será libre, pública e gratuíta para os usos compatibles coa súa natureza de ben de dominio público, de conformidade co establecido no artigo 31 da Lei 22/1988, e coa preservación da súa integridade, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección do medio ambiente no seu territorio.

2. Fóra do uso común xeral descrito no número anterior, non se admitirán sobre o medio mariño máis dereitos de uso, explotación e aproveitamento que os autorizados en virtude da lexislación sectorial aplicable, que se planificarán de acordo coa estratexia da demarcación mariña correspondente ou de maneira que sexan compatibles con esta.

3. A autorización de calquera actividade que requira ben a execución de obras ou instalacións nas augas mariñas, o seu leito ou o seu subsolo, ben a colocación ou depósito de materias sobre o fondo mariño, así como as verteduras reguladas no título IV da presente lei, deberá contar co informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño respecto da compatibilidade da actividade ou vertedura coa estratexia mariña correspondente de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente.

4. Calquera actividade que supoña o manexo de especies mariñas de competencia estatal incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas ou nos anexos da Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade, e a observación de cetáceos regulada no Real decreto 1727/2007, do 21 de decembro, polo que se establecen medidas de protección dos cetáceos, estará suxeita á autorización previa, que outorgará o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño. Tal autorización concederáse se a actividade se considera compatible coa estratexia mariña correspondente, de conformidade cos criterios que se establezan regulamentariamente, contando co informe da comunidade autónoma afectada no suposto de actividades que se vaian realizar en espazos naturais declarados por estas en virtude do disposto no artigo 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Artigo 4. *Criterios de planificación no medio mariño.*

1. A actuación dos poderes públicos en materia de planificación do medio mariño rexeráse polos seguintes criterios:

a) Aplicarase unha xestión adaptativa das actividades humanas seguindo o principio de precaución e o enfoque ecosistémico e tendo en conta o coñecemento científico, para garantir que a presión conxunta das devanditas actividades se manteña en niveis compatibles coa consecución dun bo estado ambiental.

b) Non se comprometerá a capacidade dos ecosistemas mariños de responder aos cambios inducidos pola actividade humana.

c) Propiciarase o aproveitamento sustentable dos bens e servizos mariños polas actuais e futuras xeracións.

d) Garantirase a coherencia de todas as estratexias mariñas de cada rexión mariña, a través da necesaria coordinación a nivel autonómico, nacional e internacional.

e) Promoverase a conservación da biodiversidade e os procesos ecolóxicos do medio mariño a través da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España e outros instrumentos de protección.

f) Manterase como obxectivo a minimización da contaminación do medio mariño, entendendo como contaminación toda introdución directa ou indirecta no medio mariño de substancias ou enerxías como consecuencia da actividade humana, incluídas as fontes sonoras submarinas, que provoquen ou poidan provocar efectos nocivos, como prexuízos aos recursos vivos e aos ecosistemas mariños –incluída a perda de biodiversidade–, riscos para a saúde humana, obstáculos ás actividades marítimas, especialmente á pesca, ao turismo, ás actividades de ocio e demais usos permitidos do mar, así como alteracións da calidade das augas mariñas que limite a súa utilización e unha redución do seu valor recreativo, ou, en termos xerais, un menoscabo do uso sustentable dos bens e servizos mariños, incluídos os seus recursos.

g) Garantirase que a investigación mariña orientada ao aproveitamento racional dos recursos e potencialidades do medio mariño sexa compatible co logro do bo estado ambiental.

h) As políticas sectoriais que se leven a cabo ou poidan afectar o medio mariño serán compatibles e adaptaranse aos obxectivos das estratexias mariñas.

i) Realizaranse estudos sobre a capacidade de carga destes espazos en relación coas actividades humanas que se desenvolvan neles.

2. O Goberno poderá aprobar directrices comúns a todas as estratexias mariñas co fin de garantir a coherencia dos seus obxectivos, en aspectos tales como:

a) A Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.

b) As verteduras no mar.

c) Os aproveitamentos enerxéticos situados no medio mariño.

d) A investigación mariña e o acceso aos datos mariños.

e) A avaliación e o seguimento da calidade ambiental do medio mariño.

f) A ordenación das actividades que se levan a cabo ou poden afectar o medio mariño.

g) A mitigación dos efectos e a adaptación ao cambio climático.

3. As directrices relativas á alínea a) do número anterior serán aprobadas de conformidade co procedemento previsto no artigo 28.d) desta lei. As directrices relativas ás alíneas b), c), d), e) e f) do número anterior serán aprobadas por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de consulta ás comunidades autónomas, á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, ao Consello Asesor de Medio Ambiente e aos departamentos ministeriais afectados, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de estableceren normas adicionais de protección do medio ambiente no seu territorio.

Artigo 5. *Principios inspiradores na determinación de medidas para cada demarcación mariña.*

1. Inspirarán a determinación das medidas os seguintes principios:
 - a) O principio de precaución.
 - b) O marco de exixencia no ámbito internacional e comunitario á hora de integrar as medidas nun programa, o respecto e aplicación das normas recollidas nos tratados internacionais na materia subscritos polo Estado español e a normativa europea.
 - c) O desenvolvemento sustentable e, en particular, o impacto social, ambiental e económico das medidas previstas.
 - d) O principio de acción preventiva.
 - e) O principio de corrección de danos ambientais na mesma fonte.
 - f) O principio de que quen contamina paga.
 - g) A toma en consideración das normativas sectoriais, en particular aquelas vinculadas co interese xeral, a seguridade de subministración ou as que teñan implicacións de carácter estratéxico, que puidesen verse afectadas pola implantación das ditas medidas.
2. Velarase por que as medidas sexan rendibles e viables desde o punto de vista técnico, polo que, antes de introducir novas medidas, deben realizarse avaliacións de impacto, incluída unha análise de custos e beneficios ambientais, económicos e sociais. Así mesmo, con posterioridade á súa introdución realizaranse periódicos balances sobre o seu impacto.

TÍTULO II

Estratexias mariñas

CAPÍTULO I

Ámbito e natureza

Artigo 6. *Rexións, subrexións e demarcacións mariñas.*

1. Para efectos do disposto neste título, o medio mariño español divídese nas seguintes rexións e subrexións mariñas:
 - a) Rexión do Atlántico Nororiental.
 - i. Subrexión do Golfo de Bizkaia e as costas Ibéricas.
 - ii. Subrexión atlántico-macaronésica das Canarias.
 - b) Rexión do mar Mediterráneo.
2. Para efectos desta lei e para facilitar a súa aplicación, sobre as anteriores rexións e subrexións mariñas establécense as seguintes subdivisións, denominadas demarcacións mariñas, que constitúen o ámbito espacial sobre o cal se desenvolverá cada estratexia mariña:
 - a) Demarcación mariña noratlántica: medio mariño no que España exerce soberanía ou xurisdición comprendido entre o límite das augas xurisdicionais entre España e Francia no Golfo de Bizkaia e o límite setentrional das augas xurisdicionais entre España e Portugal.
 - b) Demarcación mariña suratlántica: medio mariño no que España exerce soberanía ou xurisdición comprendido entre o límite das augas xurisdicionais entre España e Portugal no golfo de Cádiz e o meridiano que pasa polo cabo de Espartel.
 - c) Demarcación mariña do Estreito e Alborán: medio mariño no que España exerce soberanía ou xurisdición comprendido entre o meridiano que pasa polo cabo de Espartel e unha liña imaxinaria con orientación 128° respecto ao meridiano que pasa polo cabo de

Gata, e medio mariño no que España exerce soberanía ou xurisdición no ámbito de Ceuta, Melilla, as illas Chafarinas, o illote Perejil, peñóns de Vélez de la Gomera e Alhucemas e a illa de Alborán.

d) Demarcación mariña levantino-balear: medio mariño no que España exerce soberanía ou xurisdición comprendido entre unha liña imaxinaria con orientación 128° respecto ao meridiano que pasa polo cabo de Gata, e o límite das augas xurisdicionais entre España e Francia no golfo de León.

e) Demarcación mariña canaria: medio mariño no que España exerce soberanía ou xurisdición en torno ás illas Canarias.

Artigo 7. *Estratexias mariñas. Natureza.*

1. As estratexias mariñas son os instrumentos de planificación de cada demarcación mariña e constitúen o marco xeral ao que deberán axustarse necesariamente as diferentes políticas sectoriais e actuacións administrativas con incidencia no medio mariño de acordo co establecido na lexislación sectorial correspondente.

2. As estratexias mariñas serán públicas e vinculantes para as administracións públicas e non crearán por si soas dereitos ou obrigas para os particulares ou entidades, polo que a súa aprobación ou modificación non dará lugar a indemnización.

3. A aplicación das estratexias comportará a adopción das actuacións administrativas e disposicións normativas que se consideren necesarias para a súa efectividade.

4. As estratexias mariñas incluírán a avaliación do estado ambiental das augas, a determinación do bo estado ambiental, a fixación dos obxectivos ambientais que se pretendan conseguir, un programa de medidas para alcanzar tales obxectivos e un programa de seguimento.

CAPÍTULO II

Actuacións preparatorias

Sección 1.^a *Avaliación, definición do bo estado ambiental, definición de obxectivos e programas de seguimento*

Artigo 8. *Avaliación.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño levará a cabo unha avaliación inicial do estado ambiental actual e do impacto das actividades humanas no medio mariño de cada demarcación mariña. Esta avaliación inicial estará baseada na mellor información científica dispoñible e levarase a cabo logo de consulta cos departamentos ministeriais e as comunidades autónomas con competencias no medio mariño, de conformidade co establecido no artigo 22 desta lei.

2. Enténdese por estado ambiental o estado xeral do medio ambiente no mar, tendo en conta a estrutura, función e procesos dos ecosistemas que compoñen o medio mariño, factores fisiográficos, xeográficos, biolóxicos, xeolóxicos e climáticos naturais, así como as condicións físicas, incluídas as acústicas, e químicas, derivadas, en particular, das actividades humanas dentro ou fóra da zona de que se trate.

3. A avaliación inicial incluírá os seguintes elementos:

a) unha análise das características esenciais e do estado ambiental actual da demarcación mariña, baseado na lista indicativa de elementos recollida no cadro 1 do anexo I.

b) unha análise dos principais impactos e presións que afectan o estado ambiental da demarcación mariña, baseado na lista indicativa de elementos recollida no cadro 2 do anexo I, que teña en conta as tendencias perceptibles, e que abarque os principais efectos acumulativos e sinérxicos.

c) unha análise económica e social da utilización do medio mariño e do custo que supón a súa deterioración.

4. As análises mencionadas terán en conta os elementos relacionados coas augas costeiras e as augas territoriais reguladas no texto refundido da Lei de augas. Así mesmo, terán en conta outras avaliacións existentes, como as realizadas no contexto dos convenios mariños rexionais ou da implantación e desenvolvemento da Rede Natura 2000, con obxecto de presentar unha avaliación xeral do estado do medio mariño.

Artigo 9. *Definición do bo estado ambiental.*

1. O bo estado ambiental do medio mariño é aquel no que este dá lugar a océanos e mares ecoloxicamente diversos e dinámicos, limpos, sans e produtivos no contexto das súas condicións intrínsecas, e no que a utilización do medio mariño sexa sustentable, quedando así protexido o seu potencial de usos, actividades e recursos por parte das xeracións actuais e futuras.

2. En todo caso, o bo estado ambiental do medio mariño implicará necesariamente:

a) que a estrutura, as funcións e os procesos dos ecosistemas que compoñen o medio mariño, xunto cos factores fisiográficos, xeográficos, xeolóxicos e climáticos, permitan o pleno funcionamento deses ecosistemas e manteñan a súa capacidade de recuperación fronte aos cambios ambientais inducidos polo home;

b) que as especies e os hábitats mariños estean protexidos, se preveña a perda da biodiversidade inducida polo home e os diversos compoñentes biolóxicos funcionen de maneira equilibrada;

c) que as propiedades hidromorfolóxicas, físicas e químicas dos ecosistemas, incluídas as que resultan da actividade humana na zona de que se trate, manteñan os ecosistemas conforme o indicado anteriormente;

d) que as verteduras antropoxénicas de substancias e de enerxía no medio mariño, incluído o ruído, non superen a resiliencia do medio ou xeren efectos de contaminación.

3. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, logo de consulta ás comunidades autónomas, en función da avaliación inicial, definirá para cada demarcación mariña un conxunto de características correspondentes a un bo estado ambiental, baseándose para iso nos descritores cualitativos enumerados no anexo II.

4. Adicionalmente, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño poderá definir criterios para especificar as características técnicas dos descritores cualitativos incluídos no anexo II.

5. A definición do bo estado ambiental tamén terá en conta as listas indicativas do anexo I, e en particular os indicadores físico-químicos, tipos de hábitats, indicadores biolóxicos, a hidromorfoloxía, así como os impactos e presións das actividades humanas.

6. Na elaboración da avaliación inicial garantirase que os datos utilizados posúan a necesaria calidade e fiabilidade para asegurar a comparabilidade dos resultados obtidos dentro das rexións, subrexións e demarcacións mariñas.

Artigo 10. *Definición de obxectivos ambientais.*

1. Os obxectivos ambientais son a expresión cualitativa ou cuantitativa do estado desexado dos diversos compoñentes do medio mariño con respecto a cada demarcación mariña, así como das presións e os impactos sobre o dito medio.

2. Sobre a base da avaliación inicial, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño levará a cabo unha proposta de obxectivos ambientais e indicadores asociados para o medio mariño respecto de cada demarcación mariña co obxecto de conseguir un bo estado ambiental, tendo en conta para iso as presións e os impactos enumerados no cadro 2 do anexo I. Os obxectivos ambientais definiranse tendo en conta a lista indicativa de características do anexo III.

3. Esta proposta, xunto coa definición do bo estado ambiental, serán sometidas a acordo do Consello de Ministros logo de consulta aos organismos públicos de investigación competentes e ao Consello Asesor de Medio Ambiente e contando co informe das comunidades autónomas afectadas, unha vez cumprido o trámite de participación pública.

4. Ao establecer os ditos obxectivos ambientais e indicadores asociados teranse en conta os obxectivos ambientais vixentes a escala nacional, comunitaria ou internacional, asegurándose a compatibilidade dos ditos obxectivos entre si e tendo en conta os efectos transfronteirizos.

Artigo 11. *Programas de seguimento.*

1. Sobre a base da avaliación inicial o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño elaborará e aplicará, de acordo co establecido no anexo IV, programas de seguimento coordinados para avaliar permanentemente o estado ambiental do medio mariño, tendo en conta as listas indicativas do anexo I e en referencia aos obxectivos ambientais definidos segundo o artigo anterior.

2. Deberán ser compatibles dentro das rexións ou subrexións mariñas e basearanse nas disposicións en materia de avaliación e seguimento establecidos pola lexislación comunitaria aplicable ou en virtude de acordos internacionais, e serán compatibles con elas.

Artigo 12. *Investigación mariña.*

O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño levará a cabo as actividades descritas nesta sección a través do Instituto Español de Oceanografía, como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, ou ben mediante encomendas de xestión ou contratos con outros centros de investigación.

Sección 2.^a *Elaboración e aprobación das estratexias mariñas*

Artigo 13. *Programas de medidas.*

1. Unha vez aprobados os obxectivos ambientais e tendo en conta a avaliación inicial, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, en colaboración coas comunidades autónomas e o resto de administracións públicas implicadas, elaborará un programa de medidas para cada demarcación mariña, que incluírá as medidas necesarias para lograr ou manter un bo estado ambiental.

2. As medidas definiranse tendo en conta os tipos de medidas enumeradas no anexo V e integraranse nun programa de seis anos de duración, no cal se establezan as actividades que se vaian desenvolver, os prazos para a súa execución e o organismo responsable da súa aplicación e control. Así mesmo, o programa especificará, para cada medida, os obxectivos ambientais con que está relacionada e de que maneira contribuirá á consecución de tales obxectivos.

3. Para ter en consideración os impactos sociais e económicos, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño consultará cos departamentos correspondentes e coas comunidades autónomas sobre as actividades desenvoltas no ámbito das súas competencias que puidesen verse afectadas pola aprobación dos citados programas de medidas.

4. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño tomará en consideración as implicacións dos seus programas de medidas sobre o medio mariño situado máis alá da soberanía e xurisdición españolas, co fin de minimizar os riscos de danos e, na medida do posible, xerar un impacto positivo sobre o dito medio.

Artigo 14. *Contido.*

1. Os programas de medidas definirán as actuacións que se levarán a cabo para a consecución dos obxectivos ambientais, que poderán ser normas aplicables ás actividades con incidencia sobre o medio mariño, directrices sobre os usos do medio mariño, proxectos de actuación, restricións xeográficas ou temporais de usos, medidas de control e redución da contaminación, entre outras.

2. Os programas de medidas incluírán a protección espacial, para contribuír á constitución de redes coherentes e representativas de áreas mariñas protexidas que

cubran adecuadamente a diversidade dos ecosistemas que as compoñen. Ademais, incluírán as zonas mariñas protexidas declaradas de acordo cos convenios internacionais dos que o Reino de España é parte. A constitución destas redes coherentes e representativas de áreas mariñas protexidas realizarase conforme o establecido na presente lei.

3. Así mesmo, os programas de medidas poderán incluír medidas específicas para a protección de especies e tipos de hábitats, en particular, a elaboración e aplicación de estratexias e plans de recuperación e conservación de especies mariñas do Catálogo Español de Especies Ameazadas, así como estratexias e plans de conservación e restauración de hábitats mariños incluídos no Catálogo Español de Hábitats en Perigo de Desaparición, definidos na Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Artigo 15. *Aprobación da estratexia mariña.*

As estratexias mariñas, que incluírán o programa de medidas, deberán ser aprobadas polo Goberno mediante real decreto, logo de debate no seo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, e contando co informe previo dos ministerios afectados, as comunidades autónomas afectadas, e do Consello Asesor de Medio Ambiente, unha vez cumprido o trámite de información pública.

Artigo 16. *Informes de cumprimento.*

Cando a posta en marcha do programa de medidas implique a actuación doutras administracións públicas, estas informarán o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño das disposicións, proxectos ou actuacións concretas que se leven a cabo en cumprimento das estratexias mariñas.

Artigo 17. *Medidas urxentes.*

1. Cando o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño determine que o estado do medio mariño dunha zona específica é crítico, o Goberno adoptará medidas de carácter urxente, adiantando a execución dos programas de medidas, así como establecendo, de ser o caso, medidas de protección máis estritas.

2. Cando se trate dun espazo mariño protexido, cuxa declaración e xestión sexa de competencia autonómica no suposto previsto no artigo 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, o Goberno adoptará medidas de carácter urxente logo de acordo coas comunidades autónomas afectadas.

3. Cando se trate dunha zona limítrofe con outro Estado membro da Unión Europea, situada nunha mesma rexión ou subrexión mariña regulada por esta lei, as medidas serán tomadas de común acordo.

CAPÍTULO III

Excepcións ao cumprimento da estratexia

Artigo 18. *Incumprimento de obxectivos.*

1. Para cada unha das estratexias mariñas, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, co informe previo do comité de seguimento correspondente e da Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas, aos cales fai referencia o artigo 22 desta lei, determinará cales son os casos en que, debido a calquera das circunstancias enumeradas a seguir, non poidan alcanzarse os obxectivos ambientais ou todos os aspectos do bo estado ambiental, a través das medidas que se adoptasen:

- a) acción ou omisión da cal non é responsable o Reino de España;
- b) causas naturais;
- c) forza maior;

d) modificacións ou alteracións nas características físicas do medio mariño como consecuencia de medidas adoptadas por razóns de interese xeral prevalente que primen sobre o impacto negativo para o medio ambiente;

e) condicións naturais que non permiten mellorar ao seu debido tempo a situación do medio mariño.

Os casos de excepción describiranse claramente nos programas de medidas.

2. Así mesmo, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño determinará en que casos non se poden alcanzar dentro do prazo previsto os obxectivos ambientais ou todos os aspectos do bo estado ambiental, debido á concorrencia de condicións naturais que non permitan mellorar a situación do medio mariño de que se trate.

3. En todo caso, mentres persistan as causas da excepción, as administracións públicas competentes adoptarán as medidas necesarias para proseguir no logro dos obxectivos ambientais, evitar novas deterioracións do estado do medio mariño afectado polas razóns definidas nas letras b), c) ou d), e mitigar o impacto prexudicial a escala da demarcación mariña de que se trate ou no medio mariño adxacente. Estas medidas integraranse cando sexa posible nos programas de medidas ao producirse a súa actualización segundo o artigo 20.

4. Na situación prevista no número 1, letra d), o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño velará por que as modificacións ou alteracións non exclúan ou comprometan de forma definitiva a consecución dun bo estado ambiental, tanto no ámbito da demarcación mariña de que se trate como no medio mariño adxacente.

Artigo 19. *Inexistencia de riscos significativos ou custos desproporcionados.*

O Goberno elaborará e aplicará todos os elementos das estratexias mariñas, ben que, ao facelo, non estará obrigado a adoptar medidas específicas, excepto no relativo á avaliación inicial e ao programa de seguimento, cando non existan riscos significativos para o medio mariño ou cando os custos sexan desproporcionados en relación cos riscos para o medio mariño, e sempre e cando non se produza unha ulterior deterioración. En calquera caso, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño evitará que se comprometa permanentemente a consecución do bo estado ambiental.

CAPÍTULO IV

Actualización

Artigo 20. *Actualización.*

1. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño levará a cabo unha actualización periódica de todos os elementos das estratexias correspondentes a cada unha das demarcacións mariñas afectadas.

2. Esta actualización levarase a cabo de maneira coordinada cos Estados membros que comparten rexións ou subrexións mariñas, a través das canles previstas na normativa comunitaria ou nos convenios mariños rexionais mencionados na presente lei.

3. A actualización realizarase cada seis anos.

4. Se, como resultado da actualización, for necesario modificar os obxectivos ambientais, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño elaborará unha nova proposta que deberá ser aprobada por acordo de Consello de Ministros cumprindo os mesmos trámites que os previstos para a aprobación da estratexia. No caso de se modificar o programa de medidas, a nova proposta será aprobada mediante real decreto.

CAPÍTULO V

Información e participación pública, coordinación e cooperación*Artigo 21. Información e participación pública.*

1. De conformidade co establecido na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de medio ambiente, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño publicará e porá á disposición do público, para que este presente as súas observacións, resumos dos seguintes elementos das estratexias mariñas ou das actualizacións:

- a) A avaliación inicial e a definición do bo estado ambiental.
- b) Os obxectivos ambientais.
- c) Os programas de seguimento.
- d) Os programas de medidas.
- e) A actualización das estratexias mariñas.

2. No proceso de participación pública consultarase cos organismos internacionais relacionados coa aplicación de convenios ou acordos de protección do medio mariño dos que é parte o Reino de España, os organismos científicos consultivos e os Consellos Consultivos rexionais.

Artigo 22. Coordinación e cooperación.

1. Regulamentariamente creárase a Comisión Interministerial de Estratexias Mariñas para a coordinación da elaboración, aplicación e seguimento da planificación do medio mariño, da cal formarán parte os departamentos ministeriais con competencias con incidencia sobre o medio mariño. A presidencia desta comisión corresponderá ao Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, e a súa composición e funcións serán determinadas regulamentariamente.

2. A cooperación entre a Administración xeral do Estado e as comunidades autónomas para a elaboración das estratexias mariñas levarase a cabo a través da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente e dos órganos de cooperación e coordinación existentes.

3. Para cada unha das demarcacións mariñas constituirase un Comité de Seguimento da Estratexia Mariña, cuxa composición e funcións se desenvolverán regulamentariamente, integrado por representantes das administracións estatal e autonómica con competencias na execución da estratexia correspondente, para o seguimento da aplicación das estratexias mariñas.

Este comité elevará informes periódicos á Conferencia Sectorial de Medio Ambiente sobre o cumprimento das estratexias mariñas.

Artigo 23. Cooperación internacional.

O Goberno reforzará a cooperación entre o Reino de España e os demais Estados membros da Unión Europea, así como con países terceiros que comparten a mesma rexión ou subrexión mariña para os efectos de asegurar a coherencia e coordinación das estratexias da mesma zona, incluíndo os programas de seguimento.

TÍTULO III

Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España e conservación de especies e hábitats mariños*Artigo 24. Creación da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.*

A Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España está constituída por espazos protexidos situados no medio mariño español, representativos do patrimonio natural mariño, con independencia de que a súa declaración e xestión estean reguladas por normas

internacionais, comunitarias e estatais, así como o seu marco normativo e o sistema de relacións necesario para o seu funcionamento. Tamén poderán quedar integrados na Rede aqueles espazos cuxa declaración e xestión estean reguladas por normas autonómicas no suposto establecido no artigo 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

Artigo 25. *Obxectivos da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.*

Os obxectivos da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España son os seguintes:

1. Asegurar a conservación e recuperación do patrimonio natural e a biodiversidade mariña.
2. Protexer e conservar as áreas que mellor representan o rango de distribución das especies, hábitats e procesos ecolóxicos nos mares.
3. Fomentar a conservación de corredores ecolóxicos e a xestión daqueles elementos que resulten esenciais ou revistan primordial importancia para a migración, a distribución xeográfica e o intercambio xenético entre poboacións de especies de fauna e flora mariñas.
4. Constituír a achega do Estado español ás redes europeas e paneuropeas que, de ser o caso, se establezan, así como á Rede Global de Áreas Mariñas Protexidas.

Artigo 26. *Tipos de áreas incluídas na Rede.*

1. Poderán formar parte da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España, de acordo co disposto no artigo 24, os seguintes espazos protexidos:

- a) As áreas mariñas protexidas.
- b) As zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves, que conforman a Rede Natura 2000.
- c) Outras categorías de espazos naturais protexidos, segundo establece o artigo 29 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.
- d) As áreas protexidas por instrumentos internacionais, sen prexuízo de que a súa declaración e xestión se axustará ao disposto na súa correspondente normativa internacional.
- e) As reservas mariñas reguladas no artigo 14 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, quedarán integradas na Rede, sen prexuízo de que a súa declaración e xestión se realizará conforme o disposto na dita lei.

2. O Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño establecerá os criterios de integración na Rede conforme os cales incluírá aqueles espazos de competencia estatal.

3. Poderán formar parte da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España aqueles espazos mariños protexidos que cumpran os criterios previstos no número anterior, cuxa declaración e xestión sexa competencia autonómica no suposto establecido no artigo 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, así como aquelas zonas protexidas ao abeiro de lexislación autonómica pesqueira, por proposta da comunidade autónoma afectada, logo de acordo da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente.

Artigo 27. *Declaración e xestión de áreas mariñas protexidas.*

1. A declaración das áreas mariñas protexidas a que se refire ao artigo 26.1 a), de competencia estatal, levarase a cabo mediante real decreto, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, co informe previo do Consello Asesor de Medio Ambiente e a Conferencia Sectorial de Pesca.

2. A xestión das áreas mariñas protexidas incluídas na Rede axustarase aos criterios mínimos comúns que se diten para a xestión coordinada e coherente da Rede. Tales directrices serán aprobadas polo Consello de Ministros mediante real decreto, por proposta do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sobre a base da proposta aprobada en conferencia sectorial, de conformidade co disposto no artigo 28. d) e logo de consulta ao Consello Asesor de Medio Ambiente.

3. Nas áreas mariñas protexidas cuxa declaración e xestión sexa competencia autonómica, no suposto establecido no artigo 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro, e integradas na Rede conforme o previsto no número 3 do artigo anterior, con respecto ás cales deban adoptarse medidas de conservación que garden relación con actividades cuxa regulación ou execución sexa competencia do Estado, a comunidade autónoma encargada da xestión poderá solicitar do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, ben a adopción das ditas medidas ou ben, cando estas non sexan da súa competencia, o traslado da solicitude ao departamento oportuno. No caso de medidas de conservación que afecten a pesca marítima, a comunidade autónoma deberá acreditar que adoptou e aplicou previamente medidas similares nas augas interiores da dita área ou, do contrario, xustificar adecuadamente as razóns polas cales non procede adoptalas.

4. O Instituto Español de Oceanografía será considerado como organismo de referencia para a declaración dun espazo como área mariña protexida así como para o establecemento doutros posibles espazos naturais protexidos susceptibles de ser integrados na Rede de Áreas Mariñas Protexidas para os efectos do disposto neste artigo e nos artigos 6 e 36.1 da Lei 42/2007, do 13 de decembro. Todo isto, sen menoscabo de que as comunidades autónomas poidan empregar outros organismos científicos para a investigación relacionada coa xestión dos espazos protexidos da súa competencia.

Artigo 28. Funcións da Administración xeral do Estado.

Para a consecución dos obxectivos de conservación da biodiversidade mariña, e da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España en particular, a Administración xeral do Estado, a través do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, sen prexuízo das competencias do Ministerio de Asuntos Exteriores e Cooperación, realizará as seguintes funcións:

- a) Xestionar as áreas mariñas protexidas de competencia estatal e garantir a súa conservación, e coordinar a Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.
- b) Propor ás institucións europeas e órganos internacionais, segundo corresponda, a inclusión en redes internacionais daqueles espazos mariños da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España que cumpran cos requisitos exixidos polas súas respectivas categorías de protección.
- c) Declarar e xestionar as zonas especiais de conservación e as zonas de especial protección para as aves no medio mariño, nos supostos establecidos no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.
- d) Elaborar, xunto coas comunidades autónomas litorais competentes na declaración e xestión de áreas mariñas protexidas, a proposta dos criterios mínimos comúns para a xestión coordinada e coherente da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España, que aprobará a Conferencia Sectorial de Medio Ambiente, e o plan director da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.
- e) Realizar o seguimento e avaliación tanto da Rede como das súas directrices comúns.
- f) Fomentar e propor instrumentos de cooperación para a consecución dos obxectivos da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España no seu conxunto.
- g) Representar a España nas redes internacionais de áreas mariñas protexidas e establecer mecanismos de cooperación internacional que permitan a proxección externa da Rede.
- h) Aprobar e aplicar os plans de recuperación e conservación de especies mariñas incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas que sexan de competencia estatal, segundo o previsto na Lei 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e a biodiversidade.
- i) Aprobar e aplicar as estratexias e plans de conservación e restauración de hábitats mariños incluídos no Catálogo Español de Hábitats en Perigo de Desaparición que sexan de competencia estatal, segundo o previsto no artigo 6 da Lei 42/2007, do 13 de decembro.

j) A elaboración dunha memoria anual de seguimento das actuacións da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España e de informes trienais de situación da Rede.

Artigo 29. Plan director da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España.

1. Como instrumento básico de coordinación para a consecución dos obxectivos da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España e en cumprimento do establecido no artigo 28.d) desta lei, elaborárase un plan director que incluírá, cando menos:

a) Os obxectivos estratéxicos da Rede de Áreas Mariñas Protexidas durante a vixencia do plan director, así como a programación das actuacións que desenvolverá a Rede para acadalos.

b) Os obxectivos que se deberán alcanzar en materia de cooperación e colaboración con outras administracións ou organismos, tanto no ámbito nacional como internacional.

c) As directrices para a planificación e a conservación das áreas mariñas protexidas.

d) O programa de actuacións comúns da Rede, e os procedementos para o seu seguimento continuo e avaliación.

e) A determinación dos proxectos de interese xeral que poderán ser obxecto de financiamento estatal.

2. O plan director terá unha vixencia máxima de dez anos. Anualmente o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño incorporará na memoria da Rede un informe sobre o seu cumprimento.

3. O plan director da Rede de Áreas Mariñas Protexidas de España será elaborado polo Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño e aprobado por real decreto, contando co informe previo do Consello Asesor de Medio Ambiente. Para a súa elaboración e revisión seguirase un procedemento con participación pública, no que participarán, cando menos, as comunidades autónomas litorais, e será sometido a avaliación ambiental estratéxica.

Artigo 30. Seguimento e avaliación de hábitats e especies.

Para a avaliación e seguimento de áreas mariñas de interese para a conservación e especies e hábitats mariños protexidos ou ameazados, o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño contará co Instituto Español de Oceanografía, como medio propio e servizo técnico da Administración xeral do Estado, ou ben subscribirá encomendas de xestión ou contratos con outros centros de investigación.

TÍTULO IV

Das verteduras no mar

Artigo 31. Verteduras desde terra ao mar.

As verteduras desde terra ao mar regularanse pola súa normativa específica e polas prescricións dos convenios mariños rexionais que resulten de aplicación en función da súa localización xeográfica, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección do medio ambiente no seu territorio.

Artigo 32. Vertedura de refugallos ou outras materias desde buques e aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar.

1. Por «vertedura» enténdese:

a) toda evacuación deliberada no mar de refugallos ou outras materias desde buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar;

b) todo afundimento deliberado no mar de buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar;

c) todo almacenamento de refugallos ou outras materias no leito do mar ou no subsolo deste desde buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar; e

d) todo abandono ou derribo in situ de plataformas ou outras construcións no mar, co único obxecto de desfacerse deliberadamente delas.

2. A «vertedura» non inclúe:

a) a evacuación no mar de refugallos ou outras materias resultante, directa ou indirectamente, das operacións normais de buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar e do seu equipo, salvo os refugallos ou outras materias que se transporten en buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar destinados á evacuación de tales materias, ou se transborden a eles, ou que resulten do tratamento de tales refugallos ou outras materias neses buques, aeronaves, plataformas ou construcións;

b) o depósito de materias ou outras substancias para un fin distinto da súa mera evacuación, sempre que tal colocación non sexa contraria aos obxectivos da presente lei.

3. Queda prohibida, con carácter xeral, a vertedura no medio mariño de refugallos ou outras materias, excepto os seguintes:

a) materiais de dragaxe;

b) refugallos de peixe ou materiais resultantes das operacións de elaboración do peixe;

c) materiais xeolóxicos inorgánicos inertes, é dicir, material xeolóxico sólido, non elaborado quimicamente, cuxos compoñentes químicos non é probable que se liberen no medio mariño;

d) fluxos de dióxido de carbono resultantes dos procesos de captura de dióxido de carbono para o seu secuestro.

4. Non obstante o anterior, non se autorizarán verteduras no mar de materiais enumerados no número anterior que conteñan niveis de radioactividade maiores que as concentracións *de minimis* (exentas) definidas polo Organismo Internacional da Enerxía Atómica da Organización de Nacións Unidas.

5. A vertedura dos fluxos de dióxido de carbono resultantes dos procesos de captura de dióxido de carbono para o seu secuestro só poderá autorizarse se se cumpren todas e cada unha das seguintes condicións:

a) a evacuación faise nunha formación xeolóxica do subsolo mariño;

b) os fluxos están constituídos case en exclusividade por dióxido de carbono, aínda que poderán conter algunhas outras substancias asociadas procedentes do material de orixe e/ou dos procesos de captura e secuestro utilizados; e

c) non se engaden refugallos ou outras materias co propósito de eliminar os ditos refugallos ou materias;

d) tales actividades están expresamente permitidas polos convenios mariños rexionais que resulten de aplicación en función da zona xeográfica onde se proxecte a súa realización.

6. Calquera actividade de vertedura dos materiais enumerados no número 3 deste artigo deberá ser autorizada previamente pola autoridade competente, en función da localización xeográfica do lugar onde se solicita realizar a vertedura. Esta autorización será outorgada pola autoridade portuaria se se realiza en dominio público portuario, ou pola autoridade marítima se se realiza fóra del.

7. As autorizacións de vertedura requirirán informe previo favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para os efectos de determinar a súa compatibilidade coa estratexia mariña correspondente, sen prexuízo doutros informes previstos na lexislación vixente.

8. Tal autorización unicamente poderá ser expedida cando na solicitude se xustifique que os materiais se avaliaron seguindo os procedementos que resulten de aplicación de

acordo coa normativa aplicable en función da natureza dos refugallos ou, no seu defecto, os criterios, directrices e procedementos pertinentes adoptados polos convenios mariños rexionais e internacionais que resulten de aplicación en función da localización xeográfica do lugar onde se solicita realizar a vertedura.

9. Ao presentar as solicitudes para a vertedura de refugallos ou outras materias demostrárase que se prestou a debida atención á seguinte xerarquía de opcións de xestión de refugallos, a cal supón un impacto ambiental crecente:

- a) redución;
- b) reutilización;
- c) reciclaxe ex situ;
- d) destrución dos compoñentes perigosos;
- e) tratamento para reducir ou retirar os compoñentes perigosos; e
- f) evacuación en terra, na atmosfera e no mar.

Artigo 33. *Incineración no mar.*

Queda prohibida, con carácter xeral, a incineración no medio mariño de calquera refugallo ou outras materias. Por incineración no mar enténdese a queima de refugallos ou outras materias a bordo dun buque, unha plataforma ou outra construción no mar para a súa eliminación deliberada por destrución térmica, salvo a daqueles refugallos ou outras materias resultantes, directa ou indirectamente, das operacións normais deles.

Artigo 34. *Excepcións.*

As disposicións dos dous artigos anteriores non se aplicarán cando sexa necesario salvagardar a seguridade da vida humana ou de buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar, en casos de forza maior debidos ás inclemencias do tempo ou en calquera outro caso que constitúa un perigo para a vida humana ou unha ameaza real para buques, aeronaves, plataformas ou outras construcións no mar, se a vertedura ou a incineración no mar parecen ser o único medio para evitar a ameaza e se existe toda probabilidade de que os danos resultantes da dita vertedura ou da dita incineración no mar sexan menores que os que ocorrerían doutro modo. Tales vertedura ou incineración no mar levaranse a cabo de forma que se reduza ao mínimo a probabilidade de causar danos aos seres humanos ou comprometer a consecución do bo estado ambiental e poranse inmediatamente en coñecemento da Administración ambiental e da autoridade marítima ou portuaria competentes. No caso de que estes órganos pertencen á mesma administración, entenderase cumprido o trámite coa comunicación só a un deles, que o trasladará de oficio ao outro.

Artigo 35. *Colocación de materias sobre o fondo mariño.*

1. Queda prohibido, con carácter xeral, o depósito de materias ou outros obxectos sobre o fondo mariño cando esta actividade teña por obxecto a súa mera evacuación e/ou abandono.

2. Prohíbese, con carácter xeral, a colocación de embarcacións de calquera clase, excepto aquelas que se destinen á instalación de arrecifes artificiais e sexan autorizadas para iso conforme a normativa aplicable e de plataformas para a extracción de gas ou petróleo en desuso, ou restos delas, sobre o fondo mariño.

3. Para a colocación ou depósito de materias ou outras substancias sobre o fondo mariño ou o seu subsolo requirírase o correspondente proxecto, que será autorizado pola Administración competente logo de informe favorable do Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño para os efectos de determinar a súa compatibilidade coa estratexia mariña correspondente, sen prexuízo doutros informes previstos na lexislación vixente. A autorización unicamente poderá ser concedida cando na solicitude se xustifique que os materiais se avaliaron seguindo os procedementos que resulten de aplicación de acordo coa normativa específica en función da súa natureza ou, no seu defecto, os criterios, directrices e procedementos pertinentes adoptados polos convenios mariños que resulten de aplicación. O proxecto deberá incluír unha avaliación do fondo mariño onde se pretenda

realizar a colocación ou depósito, así como dos efectos que a actuación poida causar no medio mariño e nas actividades humanas no mar.

4. Para a colocación de materias coa finalidade de instalar arrecifes artificiais, o proxecto deberá ter en conta os criterios que regulamentariamente se establezan.

5. Cando dos programas de vixilancia que se realicen ou do seguimento do medio mariño se deduza que as materias ou substancias depositadas sobre o fondo mariño provocan impactos non previstos ou non cumpren cos seus obxectivos, o órgano competente para autorizar a súa colocación determinará as medidas correctoras correspondentes que resultarán de aplicación ou, de ser o caso, poderá ordenar a súa retirada.

TÍTULO V

Infraaccións e sancións

Artigo 36. *Infraaccións e sancións.*

Os incumprimentos das medidas adoptadas en virtude dos programas de medidas ou das autorizacións reguladas nesta lei serán sancionados de conformidade coa lexislación sectorial correspondente.

Disposición adicional primeira. *Recursos xenéticos mariños.*

Os recursos xenéticos mariños regularanse pola lexislación de pesca en materia de recursos mariños vivos.

Disposición adicional segunda. *Habilitación.*

1. O Goberno poderá definir novas demarcacións mariñas ou modificar as existentes atendendo principalmente ás características hidrolóxicas, oceanográficas e bioxeográficas e de forma compatible coas rexións e subrexións mariñas.

2. O Goberno poderá actualizar e modificar os anexos I ao V desta lei de acordo co progreso científico e técnico relacionado coa aplicación da Lei de protección do medio mariño, ou para a súa adaptación aos convenios ou acordos internacionais dos que o Reino de España sexa parte ou á normativa comunitaria.

Disposición adicional terceira. *Responsabilidade por incumprimento de normas de dereito comunitario.*

1. A responsabilidade ante o dano ambiental causado ao medio mariño dirimirase nos termos que recolle a Lei 26/2007, do 23 de outubro, de responsabilidade ambiental.

2. Nos danos ambientais que teñan a súa orixe nun suceso cuxas consecuencias en canto a responsabilidades ou indemnización estean establecidos nalgún dos convenios internacionais enumerados no anexo IV da Lei 26/2007, incluídas as súas eventuais modificacións futuras vixentes en España, atenderase ao establecido nestes convenios.

3. As administracións públicas e outras entidades integrantes do sector público que, no exercicio das súas competencias, incumpriren o disposto nesta lei respecto a obrigas derivadas de normas do dereito da Unión Europea, dando lugar a que o Reino de España sexa sancionado polas institucións europeas, asumirán, na parte que lles sexa imputable, as responsabilidades que deriven de tal incumprimento, de conformidade co previsto nesta disposición e nas de carácter regulamentario que, en desenvolvemento e execución dela, se diten.

4. O Consello de Ministros, logo de audiencia das administracións ou entidades afectadas, será o órgano competente para declarar a responsabilidade polo citado incumprimento e acordar, de ser o caso, a compensación da dita débeda coas cantidades que deba transferir o Estado á Administración ou entidade responsable por calquera concepto, orzamentario e non orzamentario. Na dita resolución que se adopte teranse en conta os feitos e fundamentos contidos na resolución das institucións europeas, recolleranse os criterios de imputación tidos en conta para declarar a responsabilidade, e acordarase a extinción total ou parcial da débeda. O citado acordo publicarase no «Boletín Oficial del Estado».

5. Habílitase o Goberno para desenvolver regulamentariamente o establecido na presente disposición, regulando as especialidades que resulten aplicables ás diferentes administracións públicas e entidades a que se refire o punto tres desta disposición.

Disposición adicional cuarta. *Calendario para a elaboración e aplicación das estratexias mariñas.*

Na elaboración das estratexias mariñas reguladas no título II desta lei seguirase o seguinte calendario de aplicación:

1. A avaliación inicial, a definición do bo estado ambiental e a definición de obxectivos ambientais deben completarse antes do 15 de xullo de 2012.
2. Os programas de seguimento deben elaborarse e aplicarse antes do 15 de xullo de 2014.
3. Os programas de medidas deben elaborarse no ano 2015 e aplicarse no ano 2016.

Disposición adicional quinta. *Aplicación da norma de maior protección ambiental ás augas costeiras.*

Cando a lexislación de aplicación do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo, e en particular a planificación hidrolóxica, respecto das augas costeiras, non prevexa medidas para alcanzar os obxectivos ambientais establecidos nesta lei e nas súas normas de desenvolvemento, ou ben as ditas medidas sexan insuficientes para acadar os citados obxectivos, será de aplicación esta lei e as súas normas de desenvolvemento. Sen prexuízo do anterior, será de aplicación en todo caso a norma que resulte máis exixente respecto da protección ambiental das devanditas augas.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta norma dítase ao abeiro do artigo 149.1.23.^a da Constitución española, que establece a competencia do Estado sobre lexislación básica sobre protección do ambiente, sen prexuízo das facultades das comunidades autónomas de establecer normas adicionais de protección do ambiente no seu territorio.

Disposición derradeira segunda. *Incorporación de directiva comunitaria.*

Mediante a presente lei incorpórase ao ordenamento xurídico español a Directiva 2008/56/CE, do 17 de xuño, que establece un marco de acción comunitaria para a política do medio mariño.

Disposición derradeira terceira. *Aplicación supletoria.*

Terá carácter supletorio desta lei, no que se refire á natureza e réxime do medio mariño, a Lei 22/1988, do 28 de xullo, de costas, e o Real decreto 1471/1989, do 1 de decembro, polo que se aprobou o regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de costas.

Disposición derradeira cuarta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumbran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de decembro de 2010.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ LUIS RODRÍGUEZ ZAPATERO

ANEXO I

Listas indicativas de características, presións e impactos (referente aos artigos 8, 9, 10 e 11)

CADRO 1

Características

Características físicas e químicas.	Topografía e batimetría do fondo mariño
	Réxime anual e estacional de temperaturas, campo das correntes, afloramentos, exposición ás sondadas, características de mestura, turbidez, tempo de residencia
	Distribución espacial e temporal da salinidade
	Distribución espacial e temporal dos nutrientes e do oxíxeno (NID, NT, PID, PT, COT)
	Perfis de pH, pCO ₂ ou medida equivalente de acidificación mariña
Tipos de hábitats.	Tipo(s) de hábitat que prevalece(n) no fondo mariño e na columna de auga, con descrición das súas características físicas e químicas como a profundidade, réxime de temperaturas da auga, correntes e outros movementos da auga, salinidade, estrutura e composición de substratos do leito mariño. Censo e cartografía dos tipos de hábitats especiais, en particular os que a lexislación comunitaria (directivas sobre «hábitats» e «aves silvestres») ou os convenios internacionais recoñecen e consideran de interese especial para a ciencia ou a diversidade biolóxica.
	Hábitats de zonas que merecen unha mención específica polas súas características, a súa localización ou a súa importancia estratéxica. Pode tratarse de zonas suxeitas a presións extremas ou específicas ou de zonas que merecen un réxime de protección específico.
Características biolóxicas.	Descrición das comunidades biolóxicas asociadas aos hábitats predominantes no fondo mariño e na columna de auga. Incluiríase a información sobre as comunidades de fitoplancto e zooplancto, incluídas as especies e a súa variabilidade estacional e xeográfica.
	Información sobre anxiospermas, macroalgas e fauna bentónica de invertebrados, incluídas a composición por especies, a biomasa e a variabilidade anual ou estacional.
	Información sobre a estrutura das poboacións de peixes, incluídas a abundancia, a distribución e a estrutura idade/tamaño das poboacións.
	Descrición da dinámica das poboacións, da superficie de distribución natural e real e da situación das especies de mamíferos e réptiles mariños presentes na demarcación mariña.
	Descrición da dinámica das poboacións, da superficie de distribución natural e real e do estado das especies de aves mariñas presentes na demarcación mariña.
	Descrición da dinámica das poboacións, da superficie de distribución natural e real e do estado das demais especies presentes na demarcación mariña amparadas pola lexislación comunitaria ou por acordos internacionais.

Características biolóxicas	Relación detallada da presenza temporal, abundancia e distribución espacial das especies autóctonas ou exóticas ou, de ser o caso, de formas xeneticamente distintas das especies nativas, presentes na demarcación mariña.
Outras características.	Descrición da situación no que se refire ás substancias químicas, incluídas as substancias químicas preocupantes, a contaminación dos sedimentos, as zonas críticas, os problemas sanitarios e a contaminación da biota (en particular a biota prevista para o consumo humano).
	Descrición doutras características típicas ou específicas da demarcación mariña.

CUADRO 2

Presións e impactos

Perdas físicas.	Enterramento (por estruturas feitas polo home ou eliminación de residuos de dragaxe, etc.).
	Selaxe (por construcións permanentes, etc.).
Danos físicos.	Modificacións da sedimentación (p. ex. por verteduras, incremento do escoamento ou dragaxe/eliminación de residuos de dragaxe).
	Abrasión (por exemplo, impacto no leito mariño debido a pesca, navegación, fondeo).
	Extracción selectiva (por exemplo, exploración e explotación no leito mariño e no subsolo de recursos vivos e non vivos, como a extracción de áreas para rehabilitación de praias).
Outras perturbacións físicas.	Ruído subacuático (p. ex. navegación, equipos acústicos submarinos).
	Lixos no mar.
Interferencia cos procesos hidrolóxicos.	Modificacións significativas do réxime térmico (p. ex. por verteduras de centrais eléctricas).
	Modificacións significativas do réxime de salinidade (p. ex. por verteduras de salmoira, por construcións que impidan os movementos da auga ou por captación de auga).
Contaminación por substancias perigosas.	Introdución de compostos sintéticos (p. ex. substancias prioritarias segundo a lexislación de augas que son pertinentes para o medio mariño, como praguicidas, axentes antiincrustantes, produtos farmacéuticos, debido, p. ex., a perdas desde fontes difusas, contaminación procedente dos barcos ou deposición atmosférica) e substancias bioloxicamente activas.
	Introdución de substancias e compostos non sintéticos (p. ex. metais pesados, hidrocarburos, debido, p. ex., a contaminación procedente dos barcos, das prospeccións e explotacións de minerais, gas ou petróleo, da deposición atmosférica ou das entradas procedentes dos ríos).
	Introdución de radionucleidos.
Verteduras sistemáticas e/ou intencionadas de substancias.	Introdución doutras substancias –sólidas, líquidas ou gasosas– como consecuencia da súa vertedura sistemática e/ou intencional ao medio mariño, permitida en virtude da lexislación nacional ou os convenios internacionais.

Acumulación de nutrientes e materias orgánicas.	Entrada de fertilizantes e outras substancias ricas en nitróxeno e fósforo (p. ex. de fontes puntuais e difusas, entre elas a agricultura, a acuicultura ou a deposición atmosférica).
	Entrada de materias orgánicas (p. ex. sumidoiros, acuicultura, entradas procedentes dos ríos).
Perturbacións biolóxicas.	Introdución de organismos patóxenos microbianos.
	Introdución de especies alóctonas e transferencias.
	Extracción selectiva de especies, incluídas as capturas accesorias accidentais (p. ex. por pesca recreativa).

ANEXO II

Descritores cualitativos para determinar o bo estado ambiental (referente ao artigo 9)

(1) Mantense a biodiversidade. A calidade e a frecuencia dos hábitats e a distribución e abundancia de especies están en consonancia coas condicións fisiográficas, xeográficas e climáticas reinantes.

(2) As especies alóctonas introducidas pola actividade humana están presentes en niveis que non afectan de forma adversa os ecosistemas.

(3) As poboacións de todas as especies mariñas explotadas comercialmente encóntranse dentro dos límites biolóxicos seguros, presentando unha distribución da poboación por idades e tamaños que demostra a boa saúde das reservas.

(4) Todos os elementos das redes tróficas mariñas, na medida en que son coñecidos, se presentan en abundancia e diversidade normais e en niveis que poden garantir a abundancia das especies a longo prazo e o mantemento pleno das súas capacidades reprodutivas.

(5) A eutrofización inducida polo ser humano minimízase, especialmente os efectos adversos como poden ser as perdas en biodiversidade, a degradación dos ecosistemas, as proliferacións de algas nocivas e o déficit de oxíxeno nas augas profundas.

(6) A integridade dos fondos mariños encóntrase nun nivel que garante que a estrutura e as funcións dos ecosistemas están resgardadas e que os ecosistemas bénticos, en particular, non sofren efectos adversos.

(7) A alteración permanente das condicións hidrográficas non afecta de maneira adversa os ecosistemas mariños.

(8) As concentracións de contaminantes encóntranse en niveis que non dan lugar a efectos de contaminación.

(9) Os contaminantes presentes no peixe e outros produtos da pesca destinados ao consumo humano non superan os niveis establecidos pola normativa comunitaria ou por outras normas pertinentes.

(10) As propiedades e as cantidades de lixos no mar non resultan nocivas para o medio litoral e o medio mariño.

(11) A introdución de enerxía, incluído o ruído subacuático, sitúase en niveis que non afectan de maneira adversa o medio mariño.

Cando o Ministerio de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño considere que non é adecuado utilizar un ou varios destes descritores, proporcionará á Comisión da Unión Europea unha xustificación das razóns desta consideración.

ANEXO III

Lista indicativa das características que deben terse en conta para o establecemento de obxectivos ambientais (referente ao artigo 10)

(1) Cobertura adecuada dos elementos que caracterizan o medio mariño da demarcación mariña.

- (2) Necesidade de establecer:
 - a) obxectivos para determinar as condicións ideais en función da definición de bo estado ambiental;
 - b) obxectivos mensurables e os seus correspondentes indicadores que permitan o seguimento e a avaliación; e
 - c) obxectivos operativos relacionados con medidas de aplicación concretas que faciliten a súa execución.
- (3) Especificación do estado ambiental que deba conseguirse ou manterse e formulación dese estado en propiedades mensurables dos elementos que caracterizan o medio mariño dunha demarcación mariña.
- (4) Coherencia do conxunto de obxectivos. Ausencia de contradición entre eles.
- (5) Especificación dos recursos necesarios para a consecución dos obxectivos.
- (6) Formulación dos obxectivos, incluídos posibles obxectivos provisionais, e o calendario de realización.
- (7) Especificación de indicadores previstos para seguir os avances e orientar as decisións de xestión de tal modo que se alcancen os obxectivos.
- (8) Se procede, especificación de puntos de referencia (puntos de referencia límite e obxectivo).
- (9) Consideración das consecuencias económicas e sociais na definición dos obxectivos.
- (10) Exame do conxunto dos obxectivos ambientais, indicadores asociados, puntos de referencia límite e obxectivo, para determinar se a consecución dos obxectivos ambientais permitirá ao medio mariño da demarcación mariña axustarse ao estado ambiental desexado.
- (11) Compatibilidade dos obxectivos ambientais cos obxectivos que a Unión Europea e o Reino de España se comprometeron a alcanzar en virtude dos correspondentes acordos internacionais e rexionais, utilizando aqueles que sexan máis pertinentes para a demarcación mariña de que se trate con obxecto de alcanzar os obxectivos ambientais establecidos.
- (12) Tras articular os obxectivos ambientais e os indicadores, exame do conxunto á luz dos obxectivos ambientais para determinar se a consecución dos ditos obxectivos permitirá ao medio mariño axustarse ao estado ambiental desexado.

ANEXO IV

Programas de seguimento (referente ao artigo 11)

- (1) Necesidade de proporcionar información que permita avaliar o estado ambiental e facer unha estimación do que queda por cubrir, así como os avances rexistrados, para alcanzar o bo estado ambiental.
- (2) Necesidade de producir a información que permita determinar os indicadores adecuados para os obxectivos ambientais.
- (3) Necesidade de producir a información que permita avaliar o impacto das medidas.
- (4) Necesidade de prever actividades para determinar a causa do cambio e as posibles medidas correctoras que deberían adoptarse para restablecer o bo estado ambiental, se se observan diverxencias co estado ambiental desexado.
- (5) Necesidade de proporcionar información sobre os axentes químicos presentes nas especies destinadas ao consumo humano das zonas de pesca.
- (6) Necesidade de prever actividades para confirmar que as medidas correctoras achegan os cambios desexados e non teñen efectos secundarios indesexables.
- (7) Necesidade de agrupar a información para cada unha das demarcacións mariñas.
- (8) Necesidade de garantir a comparabilidade dos enfoques e métodos de avaliación dentro de cada demarcación mariña ou entre elas.

(9) Necesidade de formular prescricións técnicas e métodos normalizados de seguimento a escala comunitaria, para que os datos sexan comparables.

(10) Necesidade de garantir, na medida do posible, a compatibilidade cos programas existentes elaborados a escala rexional e internacional para fomentar a coherencia entre programas e evitar as duplicacións, utilizando as directrices de seguimento que sexan máis pertinentes para a demarcación mariña de que se trate.

(11) Necesidade de incluír na avaliación inicial unha avaliación dos principais cambios que afectan as condicións ecolóxicas e, se procede, dos problemas novos ou emerxentes.

(12) Necesidade de abordar na avaliación inicial os elementos pertinentes mencionados no anexo I, tendo en conta a súa variabilidade natural, e avaliar a evolución cara á consecución dos obxectivos ambientais recorrendo, se procede, aos indicadores establecidos e aos seus puntos de referencia límite ou obxectivo.

ANEXO V

Programas de medidas: tipos de medidas (referente ao artigo 13)

(1) Control das entradas: medidas de xestión que inflúan na intensidade autorizada dunha actividade humana.

(2) Control das saídas: medidas de xestión que inflúan no nivel de perturbación autorizado dun elemento do ecosistema.

(3) Control da distribución espacial e temporal: medidas de xestión que inflúan no lugar e o momento en que se autoriza unha actividade.

(4) Medidas de coordinación da xestión: instrumentos de garantía da dita coordinación.

(5) Medidas de mellora da rastrexabilidade da contaminación mariña, cando sexan viables.

(6) Incentivos económicos: medidas de xestión que, polo seu interese económico, inciten os usuarios dos ecosistemas mariños a adoptar un comportamento que contribúa á consecución do obxectivo de bo estado ambiental.

(7) Instrumentos de atenuación e reparación: instrumentos de xestión que orienten as actividades humanas cara a unha restauración dos elementos danados dos ecosistemas mariños.

(8) Comunicación, participación dos interesados e concienciación do público.

(9) Estratexias de conservación, plans de recuperación e plans de conservación de especies mariñas incluídas no Catálogo Español de Especies Ameazadas.

(10) Estratexias e plans ou instrumentos de conservación e restauración de hábitats mariños incluídos no Catálogo Español de Hábitats en Perigo de Desaparición.

(11) Planificación espacial mariña.

(12) Áreas mariñas protexidas.